

Memoria. **R E G R E S O**

Regreso a ser paisaxe,

perfil da terra,

nomeados de novo coas

montañas, árbores, ríos.

Latexando amarelo, violeta,índigo...

Escintilando luz coas cores

do Universo, lonxe de imperialismos

salvaxes e hipócritas que afogan

sabidurías milenarias e diversidade

Gañando o vento. Xirando

Ciencia e técnica,

hoxe escravas do consumismo,

cara á liberdade.

Retorno ós catro elementos,

a Heráclito, ó umbral do labirinto,

á saída do vampirismo voraz,

de recursos naturais, humanos e sociais.

Educando miradas sen accesos

selectivos, sen fronteiras deprivilexios

e aduanas de silencio, sen mares

tinguidos de sangue e ollos que fuxen.

Sensibilidade creadora,

liberadora de espazos e tempos
para habitar o esencial. Adeus conscente
a xaulas de esquecemento onde morren
os significados

Olladas novas, nidias, transgresoras

da orde homoxeinizadora do capital
transnacional. Olladas de ruptura da
reproducción salvaxe do poder
en roles esteticistas, estériles.
Olladas sen a cárcere do pensamento
único e de tanto lixo mediático

Carmen Cabaneiro

Terra Chá. Xa Primaveira 2012